

*Informe 2025 dos
Obxectivos de
Desenvolvemento
Sostible da
Axenda 2030*





ÍNDICE

Introdución.....	3
ODS 1. FIN DA POBREZA	5
ODS 2. FAME CERO	7
ODS 3. SAÚDE E BENESTAR.....	9
ODS 4. EDUCACIÓN DE CALIDADE.....	11
ODS 5. IGUALDADE DE XÉNERO	13
ODS 6. AUGA LIMPA E SANEAMENTO	15
ODS 7. ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE.....	17
ODS 8. TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO	19
ODS 9. INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA.....	21
ODS 10. REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES	23
ODS 11. CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES.....	25
ODS 12. PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE.....	27
ODS 13. ACCIÓN POLO CLIMA.....	29
ODS 14. VIDA SUBMARINA.....	31
ODS 15. VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES	33
ODS 16. PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓN SÓLIDAS	35
ODS 17. ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS	37
Avaliación externa dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.....	39

Introdución

O 25 de setembro de 2015, os Estados membros das Nacións Unidas aprobaron a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, que establece un conxunto de 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) orientados a erradicar a pobreza, protexer o planeta e garantir a prosperidade para todas as persoas.

Estes obxectivos constitúen un marco global de referencia para avanzar cara a un modelo de desenvolvemento sostible, integrando dimensións clave como a equidade social, a protección ambiental, o crecemento económico e a gobernanza. Os ODS están profundamente interrelacionados e abordan desafíos globais como a desigualdade, o cambio climático, a degradación ambiental, a saúde, a educación, a paz e a xustiza. A súa consecución require un enfoque integral e coordinado, co compromiso de todos os axentes sociais para non deixar a ninguén atrás.

Neste contexto, as universidades desempeñan un papel fundamental como axentes de transformación social, a través da xeración e transferencia de coñecemento, a formación de profesionais e a súa contribución ao desenvolvemento económico e social do territorio.

A Universidade de Vigo integra plenamente os ODS na súa planificación estratéxica. En decembro de 2020, os seus órganos de goberno (Claustro, Consello de Goberno e Consello Social) aprobaron o Plan Estratéxico 2021-2026, estruturado arredor dos 17 ODS.

O plan está organizado en seis eixes estratéxico; formación, investigación e transferencia, persoas, organización e recursos e relación coa sociedade, e nos que se identifican tres valores ou identidades; fomento da lingua galega, defensa da igualdade e internacionalización. O plan desglósase en 30 obxectivos coas súas accións e indicadores.

En cada obxectivo identificáronse aqueles ODS vinculados e deste xeito permita aliñar o cumprimento dos indicadores co desempeño da Axenda 2030 para axudar a cumprir un mundo máis xusto e sustentable.

Máis información sobre o plan estratéxico e os informes anuais pode consultarse na seguinte ligazón:
<https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/plan-estrategico-2021-2026>

Por outra banda, a publicación da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (denominada LOSU), supón un novo contexto normativo no ámbito universitario aliñado coa rendición de contas á sociedade. Así a citada lei no seu preámbulo indica o seguinte “... a Lei consagra a transparencia e o rendemento de contas das universidades pública...”.

Ademais hai varios artigos que afondan na rendición de contas, entre eles o artigo 3.5 no que se indica que “...as universidades deberán renderlle contas á sociedade do uso dos seus medios e recursos humanos, materiais e económicos, desenvolver as súas actividades mediante unha xestión transparente e ofrecer un servizo público de calidade”

A lei orgánica promove a aplicación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible como a sostibilidade entendida nun sentido amplo en varios dos seus artigos e que se detallan a continuación:

- *“... o fomento da equidade e igualdade, o impulso da sostibilidade, a loita contra o cambio climático e os valores que se desprenden dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible” (artigo 2.3).*
- *“As universidades fomentarán a participación da comunidade universitaria en actividades e Proxectos relacionados coa promoción da democracia, a igualdade, a xustiza social, a paz e a inclusión, asemade cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible” (artigo 18.1).*
- *“As universidades velarán por que os seus campus sexan climaticamente sostibles, mediante o desenvolvemento dunha Estratexia de mitigación e adaptación ao cambio climático e compartirán o seu coñecemento coa sociedade para facer fronte á emerxencia climática e os seus efectos” (artigo 18.2).*
- *“As universidades promoverán un desenvolvemento económico e social equitativo, inclusivo e sostible que poida favorecer a creación de emprego de calidade e mellorar os estándares de benestar do territorio no que se ubiquen. A tal efecto, reforzarán a colaboración coas Administracións Locais e cos actores Sociais do seu entorno mediante os proxectos de Ciencia Cidadá e de aprendizaxe-servizo, entre outros mecanismos” (artigo 18.4).*

O presente informe ten como finalidade analizar a contribución da Universidade de Vigo á consecución dos ODS, identificando as principais actuacións desenvolvidas, as evidencias dispoñibles e os mecanismos de avaliación do desempeño, tanto a nivel interno como externo.

Deste xeito, o documento pretende ofrecer unha visión estruturada e verificable do compromiso institucional coa Axenda 2030, servindo como ferramenta de transparencia, rendición de contas e mellora continua.

1 FIN DA POBREZA



ODS 1. FIN DA POBREZA

Obxectivo 1: Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo.

Este ODS ten como finalidade erradicar a pobreza extrema e reducir a vulnerabilidade social antes de 2030. Aínda que nas últimas décadas se rexistraron avances significativos, crises recentes como a pandemia da COVID-19 frearon este progreso e incrementaron o número de persoas en situación de pobreza.

Que podemos facer dende as universidades?

As universidades desempeñan un papel esencial na redución da pobreza a través da educación inclusiva, a xeración de coñecemento e o impacto socioeconómico no territorio. Pola súa capacidade formativa e investigadora, contribúen a romper ciclos de pobreza e a mellorar as oportunidades de emprego e desenvolvemento.

*Que facemos nós?
Contribucións e evidencias*

A Universidade de Vigo contribúe principalmente a través da **xestión de bolsas** convocadas polo Ministerio de Educación e tamén con axudas financiadas con recursos económicos do seu orzamento

- <https://www.becaseducacion.gob.es/becas-y-ayudas/universidad-grado-master/tipos-de-becas.html>
- <https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas/bolsas-estudo>
- <https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas>

con programas de **fomento do emprendemento**

- <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/empleabilidad/quieres-emprender/programacion-incuvi>

e con outras accións que se detallan a continuación

Campaña solidaria de recollida de alimentos, xoguetes e libros

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/campana-nadal-recollida-alimentos-xoguetes-libros-xa-marcha>

Avaliación do desempeño

Na **Memoria do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos** que recolle datos de beneficiarios e recursos asignados

- <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

no **Portal de Transparencia** pode consultarse a información sobre axudas e subvencións concedidas pola Universidade de Vigo, con indicación do seu *importe, obxectivo, finalidade e persoas beneficiarias*

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/59>

na **sección de Uvigo en Cifras do Portal de Transparencia** pode consultarse a información estatística das bolsas propias a Universidade de Vigo *desagregadas por convocatoria, rama, nivel académico, sexo, grupo de idade e nacionalidade*

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/30>

e na **avaliación externa do desempeño no ODS 1**, a Universidade de Vigo participa no THE Impact ranking onde se pode consultar a puntuación acadada e o posicionamento

- <https://www.timeshighereducation.com/impactrankings/no-poverty>

2 FAME CERO



ODS 2. FAME CERO

Obxectivo 2: Poñer fin á fame.

O ODS 2 busca garantir o acceso a alimentos suficientes e nutritivos para toda a poboación. Factores como o cambio climático, os conflitos e as crises económicas dificultan a súa consecución a nivel global.

Que podemos facer dende as universidades?

As universidades contribúen a este obxectivo a través da investigación en sistemas alimentarios sostibles, a formación en nutrición e agricultura, e o desenvolvemento de proxectos que fomenten a seguridade alimentaria.

Que facemos nós? Contribucións e evidencias

A Universidade de Vigo contribúe a través da **xestión de bolsas** convocadas polo Ministerio de Educación e con outras axudas propias con recursos económicos do seu orzamento como son as denominada “bolsas comedor”

- <https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas/bolsas-estudo>

promovendo **proxectos colaborativos** como é o *Proxecto de voluntario cultivo ecolóxico e sustentabilidade*

- <https://www.uvigo.gal/es/universidade/conecenos/responsabilidade-social/novas/horta-xoanina>

coas liñas de investigación do **Instituto de Agroecoloxía e Alimentación**

- <https://iaa.uvigo.gal/investigacion/prioridades-de-investigacion/>

e con outras accións que se detallan a continuación

O proxecto Rotend

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/proxecto-rotend-traballa-desenvolvemento-dun-sistema-preditivo-risco-infeccion-black-rot-vinedos>

II Agro-Enviromental and Food Research Symposium

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/persoal-predoutoral-grupo-investigacions-agrarias-alimentarias-amosara-seu-traballo-citexvi>

XXI Maratón Solidario

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/xxi-maraton-solidario-zumba-permite-reunir-250-quilos-alimentos>

Avaliación do desempeño

Na **Memoria do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos** detállase por curso académico a xestión das axudas e bolsas alleas e propias cos importes e beneficiarios das mesmas

- <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

no **Portal de Transparencia** pode consultarse a información sobre axudas e subvencións concedidas pola Universidade de Vigo, con indicación do seu *importe, obxectivo, finalidade e persoas beneficiarias*

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/59>

na sección de **Uvigo en Cifras do Portal de Transparencia** pode consultarse a información estatística das bolsas propias a Universidade de Vigo desagregadas por convocatoria, rama, nivel académico, sexo, grupo de idade e nacionalidade

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/30>

e na **avaliación externa do desempeño no ODS 2**, a Universidade de Vigo participa no THE Impact ranking onde se pode consultar a puntuación acadada e o posicionamento

- <https://www.timeshighereducation.com/impactrankings/zero-hunger>

3 SAÚDE E BENESTAR



ODS 3. SAÚDE E BENESTAR

Obxectivo 3: Garantir unha vida sa e promover o benestar para todos en todas as idades.

O ODS 3 pretende asegurar o acceso universal á saúde e mellorar o benestar da poboación. A pesar dos avances, persisten retos globais como as desigualdades sanitarias ou o impacto das crises recentes.

Que podemos facer dende as universidades?

As universidades contribúen mediante a investigación en saúde, a formación de profesionais sanitarios e a promoción de hábitos saudables na súa comunidade.

*Que facemos nós?
Contribucións e evidencias*

A Universidade de Vigo contribúe a través de proxectos de investigación centrados en campos da saúde e benestar, e principalmente coa labor desenvolvida no seu centro singular **CINBIO** que ten a acreditación CIGUS

- <https://cinbio.es/>

na docencia coa titulación en **Enxeñaría Biomédica**

- <https://eei.uvigo.es/gl/estudos/graos/grao-en-enxeneria-biomedica/>

no fomento de *actividades deportivas e saudables* a través da súa **Área de Benestar, Saúde e Deportes**

- <https://www.uvigo.gal/campus/deporte>

na colaboración co **Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur**

- <https://web2026.iisgaliciasur.es/es/>

e con outras accións que se detallan a continuación

Proxecto DistriMuSe

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/atlanttic-participa-nun-megaproxecto-europeo-que-busca-mellorar-seguridade-persoas-protexer-sua>

Proxecto TEVI-DCA

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/proxecto-pioneiro-emprega-realidade-virtual-xerar-melloras-fisicas-cognitivas-persoas-dano-cerebral>

Sistema para a detección precoz de problemas de equilibrio en persoas maiores

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/investigadores-vigo-leon-patentan-sistema-deteccion-precoz-problemas-equilibrio-persoas-maiores>

44 estudantes da UVigo recibirán acompañamento psicolóxico

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/44-estudantes-uvigo-recibiran-acompanamento-psicologico-enfrentar-dificultades-relacionadas-coa-sua>

Avaliación do desempeño

Na memoria de **Actividades deportivas e saudable** detállase por curso académico a xestión que realiza á Área de Benestar, Saúde e Deporte para contribuír o benestar das persoas da comunidade universitaria e doutros usuarios externos que utilizan as instalacións universitarias

- <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

na sección de **Uvigo en Cifras do Portal de Transparencia** pode consultarse a información estatística das actividades deportivas desenvolvidas pola Área de Benestar, Saúde e Deportes

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/47/83>

e na **avaliación externa do desempeño no ODS 3**, a Universidade de Vigo participa no THE Impact ranking onde se pode consultar a puntuación acadada e o posicionamento

- <https://www.timeshighereducation.com/impactrankings/good-health-and-well-being>

4 EDUCACIÓN DE CALIDADE



ODS 4. EDUCACIÓN DE CALIDADE

Obxectivo 4: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos.

A educación é un dos principais motores do desenvolvemento sostible, xa que contribúe a reducir a pobreza, mellorar a saúde e promover sociedades máis xustas. Aínda que se produciron avances significativos no acceso á educación, persisten desigualdades que afectan á calidade e á equidade dos sistemas educativos.

Que podemos facer dende as universidades?

As universidades son axentes clave na promoción dunha educación de calidade, tanto a través da formación inicial como da aprendizaxe ao longo da vida, garantindo a igualdade de acceso e fomentando a innovación educativa.

Que facemos nós? Contribucións e evidencias

A Universidade de Vigo contribúe principalmente coa súa ampla oferta de titulacións oficiais nas que hai varias titulacións universitarias de formación de profesorado tanto para educación primaria como a secundaria

- <https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar>

na formación o longo da vida a través do seu **Centro de prograao e formación permanente**

- <https://cpfp.uvigo.gal/gl/o-centro/presentacion/>

e na transferencia de *coñecementos en proxectos internacionais educativos* a través da **Oficina de Proxectos internacionais**

- <https://opi.uvigo.gal/area-educacion/obxectivos-servizos>

e con outras accións que se detallan a continuación

Recursos didácticos a partir dos principios da neurociencia

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/estudiantado-ciencias-educacion-deporte-desena-recursos-didacticos-partir-principios-neurociencia>

Programa de formación docente en metodoloxías activas

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/docentes-uso-intelixencia-artificial-asi-ponen-ao-dia-ciencias-xuridicas-traballo>

Innovación tecnolóxica galega para a mellora da aprendizaxe

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/innovacion-tecnoloxica-galega-que-alumnado-primaria-universidade-mellora-aprendizaxe-fofnetica>

Literatura sen barreiras e cursos de éuscaro e lituano

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/literatura-sen-barreiras-cursos-euscaro-lituano-abren-porta-semana-linguas-literaturas>

Aprendizaxe por Servizo 'Aprender xogando nun hospital'

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/pacientes-pediatria-alvaro-cunqueiro-aprenden-xogando-mecanica-fluidos-co-alumnado-grao-enxenaria>

Avaliación do desempeño

Na sección de **Uvigo en Cifras do Portal de Transparencia** pode consultarse a información estatística das actividades de títulos propios e formación complementaria dirixidos tanto para a comunidade universitaria como para a calquera persoa da sociedade en xeral

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/47/83>

na sección de **Uvigo en Cifras do Portal de Transparencia** pode consultarse a información estatística dos resultados das titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/2>

tamén na sección de **Uvigo en Cifras do Portal de Transparencia** pode consultarse a información estatística dos proxectos internacionais de cooperación educativa

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/36/92>

e na **avaliación externa do desempeño no ODS 4**, a Universidade de Vigo participa no THE Impact ranking onde se pode consultar a puntuación acadada e o posicionamento

- <https://www.timeshighereducation.com/impactrankings/quality-education>

5 IGUALDADE DE XÉNERO



ODS 5. IGUALDADE DE XÉNERO

Obxectivo 5: Acadar a igualdade entre xéneros e empoderar a todas as mulleres e as nenas.

A igualdade de xénero é fundamental para o desenvolvemento sostible e para a construción de sociedades xustas. A pesar dos avances, continúan existindo desigualdades estruturais que afectan ás mulleres en ámbitos sociais, económicos e institucionais.

Que podemos facer dende as universidades?

As universidades deben promover a igualdade de oportunidades, integrar a perspectiva de xénero na docencia e na investigación e desenvolver políticas activas de prevención da discriminación..

*Que facemos nós?
Contribucións e evidencias*

A Universidade de Vigo contribúe con diversas políticas de igualdade, loita contras as violencias machistas, no fomento da docencia e formación con perspectiva de xénero e na investigación a través dunha oficina específica como é a **Unidade de Igualdade**

- <https://www.uvigo.gal/es/campus/igualdad>

na participación na *Cátedra de Feminismos 4.0* xunto coa **Deputación de Pontevedra**

- <https://catedrafeminismos.gal/>

a través dun **itinerario formativo** virtual en xénero

- <https://formacionigualdade.webs.uvigo.es/>

e con outras accións que se detallan a continuación

Itinerario Formativo Virtual en Xénero

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/numerosas-actividades-divulgativas-conmemorar-dia-muller-nena-ciencia>

100 voces para amosar o que significa ser muller nun mundo patriarcal

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/100-vozes-amosar-que-significa-ser-muller-nun-mundo-patriarcal>

Campañas de concienciación sobre a violencia machista orientadas ao rural

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-facultade-comunicacion-desenara-campanas-concienciacion-violencia-machista-orientadas-ao>

Un ciclo de obradoiros para fomentar a educación inclusiva e previr violencias por diversidade

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-pon-marcha-ciclo-obradoiros-fomentar-educacion-inclusiva-previr-violencias-diversidade>

A Cátedra Feminismos 4.0 financia sete investigacións sobre a perspectiva de xénero

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/catedra-feminismos-40-financia-sete-investigacions-perspectiva-xenero-eidos-ia-arte-actividade>

Avaliación do desempeño

Na **Memoria da Unidade de Igualdade** detállase cada anualidade a xestión das políticas de igualdade aplicadas na universidade, as accións do III plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e asemade, outras actuacións

- <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

nos informe elaborados polo **Observatorio de Igualdade**

- <https://www.uvigo.gal/campus/igualdade/igualdade-uvigo/medidas-destacadas#01>

nos informes de seguimento do **III plan de igualdade**

- <https://www.uvigo.gal/campus/igualdade/igualdade-uvigo/que-facemos>

nos **informes de fenda salarial** elaborados tanto na universidade como en colaboración co Ministerio

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/101>

e na **avaliación externa do desempeño no ODS 5**, a Universidade de Vigo participa no THE Impact ranking onde se pode consultar a puntuación acadada e o posicionamento

- <https://www.timeshighereducation.com/impactrankings/gender-equality>

6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO



ODS 6. AUGA LIMPA E SANEAMENTO

Obxectivo 6: Garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sustentable e o saneamento para todos.

O acceso á auga potable e ao saneamento é esencial para a saúde e o benestar. Porén, a presión sobre os recursos hídricos e os efectos do cambio climático fan necesaria unha xestión máis eficiente e sostible.

Que podemos facer dende as universidades?

As universidades contribúen a este obxectivo mediante a investigación, a innovación e a xestión eficiente dos recursos hídricos nos seus propios campus.

*Que facemos nós?
Contribucións e evidencias*

A Universidade de Vigo a través do seu **Campus da Auga**, promove actividades docentes, investigadoras e de transferencia de coñecemento en temáticas da auga, xerando sinerxias e liñas de actuación conxuntas entre persoal investigador, implicando axentes sociais e económicos, así como a Administracións Públicas

- <https://campusauga.uvigo.es/>

con medidas do **plan de aforro de consumo de auga**

- https://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/Plan_Auga_Aforro.php

coa liña de especialización na **xestión da auga termal** do Campus da Auga

<https://campusauga.uvigo.es/linhas-de-especializacion/>

e con outras accións que se detallan a continuación

Investigadores do Cintecx desenvolven un innovador sistema para recolectar a auga do resío

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/investigadores-cintecx-desenvolven-innovador-sistema-recolectar-auga-resio-loitar-seca>

Intelixencia artificial aplicada á conservación dos ríos e dos peixes migratorios

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/especialistas-sete-paises-reunense-vigo-aplicar-intelixencia-artificial-conservacion-rios-peixes>

O Campus Auga premia o talento investigador en alimentación funcional, agricultura e medio ambiente e xestión da auga termal

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/campus-auga-premia-talento-investigador-alimentacion-funcional-agricultura-medio-ambiente-xestion>

A UVigo lidera un equipo internacional que busca “revolucionar” a xestión dos recursos hídricos

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-lidera-equipo-internacional-que-busca-revolucionar-xestion-recursos-hidricos>

Avaliación do desempeño

Na memoria da **Oficina de Medio Ambiente (OMA)** detállase por curso académico a xestión que realiza para executar a política ambiental da universidade

- <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

na sección de **Uvigo en Cifras do Portal de Transparencia** pode consultarse a información estatística do consumo anual de auga

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/32/32>

no portal web da **Oficina de Servizos Enerxéticos** se pode consultar os consumos de auga dos diferentes centros universitarios

- <https://oseu.uvigo.gal/consumo/>

e na **avaliación externa do desempeño no ODS 6**, a Universidade de Vigo participa no THE Impact ranking onde se pode consultar a puntuación acadada e o posicionamento

- <https://www.timeshighereducation.com/impactrankings/clean-water-and-sanitation>

7 ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE



ODS 7. ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE

Obxectivo 7: Garantir o acceso a unha enerxía alcanzable, segura, sustentable e moderna.

A transición cara a un modelo enerxético sostible é fundamental para reducir as emisións e combater o cambio climático. A pesar dos avances nas enerxías renovables, aínda existen retos importantes a nivel global.

Que podemos facer dende as universidades?

As universidades desempeñan un papel clave na investigación en enerxías renovables, na formación de profesionais e na implementación de políticas de eficiencia enerxética nos seus campus..

*Que facemos nós?
Contribucións e evidencias*

A Universidade de Vigo a través do seu **Plan de sostibilidade** (SUVI) pretende mellorar a eficiencia enerxética e reducir apegada de carbono para favorecer unha transición a unha economía baixa en carbono

- <https://www.uvigo.gal/campus/sostibilidade/plan-sostibilidade-universidade-vigo>

a través da **eficiencia enerxética e aforro enerxético**

- <https://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/EnergiasRenovables.php>

do fomento das **enerxías renovables**

- <https://oma.webs.uvigo.es/Sostibilidade/EnergiasRenovables.php>

e con outras accións que se detallan a continuación

A UVigo acollerá a primeira planta piloto exclusiva para análise experimental de combustión de hidróxeno

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-acollera-primeira-planta-piloto-exclusiva-analise-experimental-combustion-hidroxeno>

A UVigo escala no QS World University Ranking. Posto 72 no fomento do ODS de enerxía accesible e non contaminante

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-escala-qs-world-university-ranking-situase-franxa-851-900-mellores-universidades-mundo>

O CIM lidera un consorcio internacional para acelerar o despregamento sostible da enerxía das ondas na área atlántica europea

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/cim-lidera-consorcio-internacional-acelerar-despregamento-sostible-enerxia-ondas-area-atlantica>

150 mozas e mozos de toda Galicia participan en Vigo na I Olimpíada da Enerxía

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/150-mozas-mozos-toda-galicia-participan-vigo-i-olimpiada-enerxia-que-celebra-espana>

Avaliación do desempeño

Na memoria da **Oficina de Medio Ambiente (OMA)** detállase por curso académico a xestión que realiza para executar a política ambiental da universidade

- <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

na sección de **Uvigo en Cifras do Portal de Transparencia** pode consultarse a información estatística do consumo anual de enerxía

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/32/32>

no portal web da **Oficina de Servizos Enerxéticos** tamén se poden consultar os consumos de enerxía dos diferentes centros universitarios

- <https://oseu.uvigo.gal/consumo/>

e na **avaliación externa do desempeño no ODS 7**, a Universidade de Vigo participa no THE Impact ranking onde se pode consultar a puntuación acadada e o posicionamento

- <https://www.timeshighereducation.com/impactrankings/affordable-and-clean-energy>

8 TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO



ODS 8. TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO

Obxectivo 8: Promover o crecemento económico inclusivo e sustentable, o emprego e o traballo decente para todos.

O ODS 8 busca fomentar economías dinámicas e inclusivas, garantir condicións laborais dignas e mellorar as oportunidades de emprego, especialmente para a mocidade e os colectivos vulnerable.

Que podemos facer dende as universidades?

As universidades desempeñan un papel clave na mellora da empregabilidade, o impulso do emprendemento e a formación en competencias demandadas polo mercado laboral, contribuíndo ao desenvolvemento económico sostible, e tamén co fomento do traballo decente na propia organización.

*Que facemos nós?
Contribucións e evidencias*

A Universidade de Vigo compre a lexislación laboral recollida no marco regulatorio español, e particularmente, a través das leis e regulamentos universitarios

- <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1978-31229>
- <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2023-7500>
- <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2015-11719>

e promove diversas medias como anticipos, axudas do fondo social, plan de pensións ou cobertura a través dun seguro de vida

- <https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/pdi/xestions-laborais-formativas-economicas/axudas>
- <https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/pas/xestions-economicas-laborais/axudas>

e con outras accións que se detallan a continuación

A UVigo ‘incuba’ 14 novas iniciativas empresariais do alumnado

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-incuba-14-novas-iniciativas-empresariais-alumnado>

Programa Emau (Emprego e Vida Autónoma)

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/arranca-nova-edicion-programa-emprego-vida-autonoma-15-mozos-mozas-procura-dun-futuro-profesional>

A UVigo aposta polo desenvolvemento rural participando en catro novos proxectos internacionais

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-aposta-desenvolvemento-rural-participando-catro-novos-proxectos-internacionais-interreg-sudoe>

A UVigo participa nun programa de apoio ao emprendemento para maiores de 50 anos

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-participa-nun-programa-apoio-ao-emprendemento-maiores-50-anos>

Nova convocatoria dos Premios Incuvi ao emprendemento

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/marcha-nova-convocatoria-premios-incuvi-ao-emprendemento>

Avaliación do desempeño

Na **Memoria do Servizo de Prevención de Riscos Laborais** detállase anualmente as accións preventivas realizadas, as avaliacións de riscos, inspeccións, comprobacións, respostas a consultas, impartición de formación e outras medidas para a mellora das condicións de traballo dos traballadores e traballadoras da universidade

- <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/memorias-actividade>

na sección de **Uvigo en Cifras do Portal de Transparencia** pode consultarse a información estatística sobre formación do persoal

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35>

no capítulo 4.2. *Persoal da Universidade de Vigo* da **Memoria de Responsabilidade Social** recóllese anualmente a relacións de beneficios sociais aplicados o persoal da universidade

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/47>

e na **avaliación externa do desempeño no ODS 8**, a Universidade de Vigo participa no THE Impact ranking onde se pode consultar a puntuación acadada e o posicionamento

- <https://www.timeshighereducation.com/impactrankings/decent-work-and-economic-growth>

9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURAS



ODS 9. INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA

Obxectivo 9: Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización sustentable e fomentar a innovación.

A innovación e a transferencia de coñecemento son fundamentais para impulsar o desenvolvemento económico e mellorar a competitividade.

Que podemos facer dende as universidades?

As universidades son actores clave na xeración de coñecemento, na transferencia tecnolóxica e na colaboración co tecido produtivo.

*Que facemos nós?
Contribucións e evidencias*

A Universidade de Vigo ten a investigación e a transferencia do coñecemento entre as súas misións principais

- <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/267>

a través da **investigación e produción científica**

- <https://www.uvigo.gal/i-d-i/investigacion-produccion-cientifica>

e da **transferencia do coñecemento**

- <https://www.uvigo.gal/i-d-i/transferencia-conecemento>

e con outras accións que se detallan a continuación

Investigadores de atlantTtic traballan na mellora das redes 5G ao abeiro do proxecto internacional EWOC

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/investigadores-atlanttic-traballan-mellora-redes-5g-ao-abeiro-proxecto-internacional-ewoc>

Máis de 560 estudantes e 120 equipos de toda Galicia citan os seus autómatas na Competición de Robots da EE Industrial

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/mais-560-estudantes-120-equipos-toda-galicia-citan-os-seus-automatas-competicion-robots-ee>

A UVigo acada 1,5 millóns de euros en cinco contratos con empresas para desenvolver tecnoloxías aeroespaciais

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/uvigo-acada-15-millons-euros-cinco-contratos-empresas-desenvolver-tecnoloxias-aeroespaciais>

Especialistas das universidades de Vigo e Politécnica de València descubren os mecanismos ocultos que evitan que as pontes se derruben ante eventos catastróficos

